

FOLLAS CULTURAIS

MAIO 2026

- O Meco-A Lenda
- Matámolo todos
- Reseñas Literarias
- Poesía

BReOGAN

CELEBRE MARIPOSA DESENVOLVIMENTO E CULTURAL

ILMO. CONCELLO DE **Grove**



MONTSE RIVERA PRESENTA

CÓNTOCHE UN TRAXE



Sábado 23 de maio ás 19.30 h
Sala das Cunchas
(Casa do Concello)



Maio humano

FOLLAS CULTURAI MAIO 2026

Este novo número das nosas “Follas Culturais” recolle o seguinte:

“A xeito de Limiar”, artigo publicado nas Follas Culturais do CMDC Breogán, co gallo do Día das Letras Galegas de 1.983, que sigue sendo válido a día de hoxe, asinado por FARRUCO. Onde fala da evolución da lingua galega, facendo unha reclamación para o seu uso.

“O Meco. A Lenda”, é un artigo recuperado do historiador Bruno Padín, onde nos explica a lenda do Meco, como foi nomeada por distintos autores, ou de como Francisco Franco Calvete a recolleu nunha obra de teatro.

Mónica Góñez con “Matámolo todos”, fai un chamamento a que ollemos como os xóvenes falan cada vez menos en galego, ao tempo que fai unha reflexión, si esto non ven motivado porque as persoas maiores non falamos en galego cos nosos fillos, fillas, netos, netas.

Iria Gondar Iglesias, volve coas habituais Reseñas Literarias, onde nos fala e presenta catro novos libros.

E noutra das habituais do Follas Culturais, recollen-se dúas Poesías de M^a Carmen Cacabelos.

COORDINACIÓN

Equipo de Cultura do CMDC Breogán
Xunta Directiva do CMDC Breogán



O día 17 de maio celébrase na nosa terra o DÍA DAS LETRAS GALEGAS.


Artigo publicado nas Follas Culturais do CMDC Breogán, co gallo do Día das Letras Galegas de 1.983, que sigue sendo válido a día de hoxe, asinado por FARRUCO

E esta unha festa que foi instituída alá polo ano 1.963 pola Real Academia Galega para homenaxear unha figura senlleira das nosas Letras. E, doutra banda, esta festa haberíase de converter nunha chamada ás nosas concencias sobre da necesidade de facer da nosa lingua algo vivo –xá está viva nas bocas da xente, máis aínda temos moito que facer pra conseguir que lle perdamos medo a escribila ou lela-

O galego foi, na Edade Media, unha lingua que se empregaba normalmente: nas escolas os mestres ensinaban en galego; na conversa, xá que os galegos falábano os reis, señores e vasallos; na administración, que tamén os documentos se facían en galego; aínda na Igrexa,

pois rezábase e se predicaba en galego; e na Literatura son moitas e moi importantes as obras que foron escritas na nosa fala e importantes tamén os literatos que dela se serviron (Bernaldo de Bonaval, Mendiño, Airas Nuñes, Paio Gómez Chariño, Alfonso X, o noso Pero de Ardia, por falar dalgúns dos máis conocidos). E poderíamos seguir de abondo.....

Logo, no século XV, coa chegada da dinastía dos Trastámara ó poder, Galicia foise enchendo de señores e funcionarios que falaban castelán, lingua que rematou meténdose a pouquiño a pouco no ensino, na conversa, na administración, e aínda na Igrexa... Así o galego, que seguían falando mariñeiros e labregos, quedou somentes como lingua



oral e perdeu o seu carácter de lingua escrita e aínda literaria – é a chamada *DECADENCIA* nos libros de literatura galega- E como quen falaba castelán era casi sempre o rico e quen falaba galego era casi sempre o probe, moita xente tiróu a conclusión trabucada de que o castelán era a fala dos ricos e o galego a fala dos probes. E de camiño, quen quería presumir de rico, falaba castelán...

O erro dese razonamento viñérono demostrar os poetas galegos do século XIX –atopámonos xá no *REXURDIMENTO* das nosas letras: Rosalía, Curros e Pondal son os seus principais representantes- que voltan a utilizar o galego como lingua escrita, inda que non sexa máis que para facer os seus versos; que pró demáis –cartas, novelas, teatro, documentos, escola, rezos...- seguíanse valendo do castelán. E chegaron os das Irmandades da Fala, alá polo 1.916, pra lle poñer remate a esta trangalleda, xá que caíron na conta de que o galego era a lingua de Galicia e que, polo mesmo, había que escribir en galego non somentes os versos, senon tamén as cartas, os libros da escola, os documentos... E neso puxeron o seu esforzo, a súa vida. E neso mesmo traballaron tamén os que lles seguiron: os da Xeneración NOS - Risco, Otero Pedraio, Castelao... -os Novecentistas –Amado Carballo, Manuel Antonio, Rafael Dieste, Blanco Amor... - e un fato de escritores actuais que, a Dios gracias, habería de se facer moi longo nomealos.

E agora entramos nós.

Somos os galegos de hoxe os que temos que darlle ese esforzo de séculos o pulo derradeiro e definitivo deica afianzar a nosa fala: perderlle o medo a lér, a escribir galego. Homildosamente, pasando de traumas e tabúes que nos opriman e mais tamén sen esnobismos e sen poses (que o galego nin é unha saia



que se quita ou se pón a según mar- que a moda) aceptando a nosa realidá social, coa seguridade de que o noso esforzo, xunto co dos nosos precursores, vai levar á nosa lingua ó posto que lle compre.

Como na Edade Media cando se empregaba normalmente: no ensino, na conversa, na administración, aínda na Igrexa, e, eso xá, na Literatura.

O meco. A lenda

Bruno Padin Portela
Doutor en Historia

É a lenda representativa do Grove, quizá porque aos seus habitantes coñéceselles como “mecos” ou “mecas”, se cadra porque a historia que imos contar é un episodio de resistencia e dignidade contra os abusos de poder, ou talvez porque simboliza moi ben a unión de todo un pobo contra un inimigo común.

Pero é que, ademais, co nome de Meco coñécese tamén á figura que se queima en Entroido cada mércores de Cinza no Grove e máis lugares de Galicia. Esta figura satiriza anualmente a un personaxe público ou a unha determinada situación que tivese repercusión ao longo dese ano. No ano 2022, por exemplo, a cidade olívica tivo como protagonista ao Covid-19. Logo, como dixemos, ese Meco é pasto das chammas o día posterior ao martes de entroido, celebración que, no caso do Grove, conta cunha rica e multitudinaria tradición que atrae público desde diferentes poboacións.

A lenda evoca a historia dun señor feudal ou un cura, dependendo das versións que manexemos, cuxa vida se caracterizaría por ser licenciosa, moi inclinada aos vicios. Este personaxe, tamén en función das versións ás que acudamos, practicaría o dereito de pernada ou simplemente abusado, desde a súa posición de poder, das mulleres da vila. Chegado un determinado momento, e ante o chea xeral da poboación, tomaríase a decisión de acabar coa vida do Meco, colgándoo dunha figueira situada no alto do grovense monte Siradella.

Cando, para esclarecer os feitos, levábanse a cabo os interrogatorios,



os axentes da xustiza atopábanse sempre coa mesma resposta, que se volvería o selo definidor desta lenda: “Quen matou ou Meco? Matámolo todos!”. Achamos ecos nesta expresión da famosa obra teatral *Fuenteovejuna*, composta a comezos do século XVII polo dramaturgo Lope de Vega, e onde podíamos ler: “Quen matou ao Comendador? Fuenteovejuna, Señor”. E é que tampouco hai acordo na lenda do Grove acerca de se quen o colgaría da figueira foron homes ou mulleres.

Na súa *Viaxe a Galicia* do ano 1745, o pai Martín Sarmiento é o primeiro que nos fala sobre esta lenda do seguinte modo: “Do Grove pasei á súa aldea Graña. De Graña a Ardea.

Antes de entrar no areal do Vao a man dereita hai tres montes, e na cima do medio hai dous ganchos, e entre eles está a figueira famosa; porque no Grove hai tradición que alí aforcaron as mulleres ao Meco, e eu mandei cortar unhas ramas da devandita figueira para levar a Madrid por bufonada”. Sarmiento complementou esta referencia con outros estudos como *Meco, mouro, agudo* (editado por primeira vez en Madrid en 1789), e *Escritos sobre “o meco” e “a cruz de ferro”*, onde manifestaba que, sobre a fábula do Grove, “oín dicir que non había oitenta anos que pasara”.

Tamén neste século ilustrado, Diego Antonio Cernadas e Castro, máis coñecido como o cura de Fruíme,

fará alusión ao noso protagonista: “O Meco monstro finxido/foi; pero se certo foi/e tal cal pedresa, por que/non ha de ser aborrecido?/o por alá concibido/foi en país máis seco,/con que sexa ou non embeleco/pois é de alá máis que acá,/ débenlle ter alá/odio inextinguible a Meco”.

Se do século XVIII pasamos a finais do XIX, veremos que a vida do Meco continuaba presente no panorama social, político e mesmo institucional da época. Eugenio Montero Ríos, catedrático compostelán que desenvolveu unha intensa e prolífica carreira política, fíxose eco da fábula no contexto da firma do Tratado de París de 1898, polo que se daba por finalizada a guerra hispano-estadounidense. Montero Ríos trataba de responder non á pregunta de quen matara ao Meco, senón a España, e na súa opinión, despois de que respondesen “todos os partidos e todos os homes

que gobernaron”, se fosen sinceros non lles quedaría máis remedio que contestar que, como ao Meco, “matáranos todos”.

Máis aló destas notas sobre os testemuños que, desde hai máis de tres séculos coñecemos sobre esta historia, o certo é que o Meco traspasou a historia oral para quedar fixado sobre o papel. Un veciño do Grove, Francisco Franco Calvete, tivo a iniciativa de escribir unha obra de teatro que levaría por título: *Ou señor feudal ou: Quen matou ou meco?* Franco Calvete, que por aquel entón se gañaba a vida como ordenanza de telégrafos, nunca chegou a ver estreada a súa obra porque faleceu tempranamente.

En cambio, o empuxe cultural que sempre caracterizou ás xentes do Grove non deixou caer no esquecemento a obra que representaba a idiosincrasia do pobo. Os membros da Agrupación Artística Minerva



encargáronse de levar ao escenario o que Franco Calvete escribira sobre o papel, con música de José Besada e Juan Fernández. Pero entón tiveron lugar unha serie de feitos funestos que provocaron no seo da agrupación desasosiego e medo, chegando mesmo a pensar en cancelar a obra. O 23 de decembro de 1930 falecía Josefa Otero Moraña,



a tía-avoa de José e Jacobo Barral Otero, dous mozos que protagonizarían a obra.

A Agrupación Artística Minerva optou, entón, por estrear *Ou señor feudal* o 22 de xaneiro de 1931. Pero é que o 18 de xaneiro, é dicir, catro días antes de que se levantase o pano, morría o autor da obra, Francisco Franco Calvete, con só 28 anos. E apenas uns días despois, o 23 dese mesmo mes de xaneiro, falecía Manuel Núñez Vilariño aos 21 anos, chamado a ter un papel fundamental na representación. Foi o impulso do irmán do autor, Emilio, o que permitiu que a estrea da obra finalmente levásese a cabo, por fin, o 5 de marzo de 1931 no Teatro Besada.


Emilio Franco, artífice desa primeira representación da obra, morre o 14 de febreiro de 1932. Será Francisco García Moldes quen, 17 anos despois, promova a reaparición da obra de Franco Calvete. De novo un 5 de marzo, pero nesta ocasión de 1948, preséntase no Cine Mariño *Ou señor feudal* ante a veciñanza do Grove, cun éxito rotundo. Os ensaios previos á función tampouco estiveron exentos de certa suspicacia, posto que un raio interrompeu no salón onde ensaiaban os actores e actrices durante os días previos á reestrea.

A obra teatral do meco haberíase de representar aínda unas cantas veces máis. O 17 de decembro de 1969 no Teatro Besada, con varias funcións; en 1977, promovido e dirixido por Jacobo Caneda Domínguez; en 1985, grazas ao interese da Asociación de Veciños de Terra de Porto ou, se nos imos a datas moito máis recentes, no ano 2015, coincidindo coa festividade local de San Martiño, tamén o Meco subiuse ao escenario en varias funcións da man da sección cultural do club de remo Mecos na casa da cultura Manuel Lueiro Rey, poñendo de manifesto que o Meco continuaba presente dentro do gran acervo cultural da sociedade do Grove.

O outro elemento fundamental da lenda, como xa sinalamos, constitúeo a soada figueira, situada no monte Siradella, onde se colgaría ao Meco e da que, segundo conta a tradición, brotarían desde entón higos vermellos, ao levar o sangue do Meco. Esta figueira forma parte do “catálogo galego de árbores senlleiras”, elaborada pola Xunta de Galicia. Segundo podemos ler, terían a catalogación de “senlleiras” as árbores ou as formacións de calquera especie, tanto autóctona como foránea, situados en terreos de propiedade pública ou privada, que sexan merecedoras de medidas específicas para a súa protección, xa fose pola súa dendrometría, idade, rareza, significación histórica ou cultural, polo seu interese científico, educativo, estético ou paisaxístico, ou ben por calquera outra circunstancia que as faga merecedoras desa especial protección.



Nesta liña, cabe destacar que, en marzo de 2017, os técnicos da Estación Fitopatolóxica de Areeiro, dependente da Deputación de Pontevedra, comezaron a traballar na clonación da figueira do Meco. O persoal tomou mostras da árbore, enraizou o material extraído e conseguiu exemplares idénticos a esta figueira. Plantaranse, de acordo co proxecto, tres novas árbores, un no monte Siradella e outros dous no Corgo. Trátase dunha iniciativa máis que desde logo fomentará o interese pola lenda máis coñecida e representativa do Grove, facéndoa máis visible tanto para os turistas como para os propios habitantes desta idílica vila mariñeira, e mantendo viva a tradición oral que se transmitiu xeracionalmente a través dos séculos.



Matámolo todos

Mónica Góñez

Se puidésemos retrotraernos aos tempos do Meco para asistir ao seu linchamento; se puidésemos escoitar a historia de boca de quen participou nela, constataríamos que todo sucedeu en galego.

Daquela non se falaba outra cousa no Grove. Se se escoitaba o castelán sería como moito na boca do xuíz ou do propio Meco.

No galego do resto da multitude poderíamos recoñecer incluso a parroquia á que pertencían, que ben sabedes que non se fala igual no Grove ca en San Vicente.

Esta situación lingüística, que se mantivo nesta vila durante séculos, acelerou o seu proceso de transformación por dúas circunstancias.

Por un lado, os prexuízos que durante corenta anos nos inocularon no cerebro a labazadas. Isto non é unha metáfora, que os nomes dos mestres máis sádicos aínda están ben vivos nas lembranzas familiares.

Por outro lado, a influencia da Toxa e dos pupilos, que instaurou a certeza indiscutible de que para servir os de fóra había que falar o castelán.

Xa que logo, o carácter práctico no mundo laboral e a ansia por afastar da descendencia o que se sufrira en corpo propio, levou a moita xente a educar a seguinte xeración en castelán. Con todo, a lingua ambiental seguía a ser o galego e aínda se podía aprender na rúa. Despois veu o agora, o tempo do inglés. Proliferaron as academias mentres se deixaba de falar coa xente máis pequena en galego e se rompía de vez a cadea



de transmisión xeracional. Prohibimos que os nenos escoitasen o noso idioma.

O que parece un conto é a nosa realidade.

Fixástesvos algunha vez que aínda que falamos cos

da nosa idade en galego, cando miramos cara abaixo para falar coas nenas e os nenos, facémolo en castelán? Fixástesvos incluso que hai xente maior que imita o acento de fóra para falar coas netas? Se nunca reparastes nisto, ide calquera día á porta dunha escola na hora de recollida. Sorprenderédesvos.

E quizais poñades cara rara se oídes que para moita xente adolescente o galego é un idioma estranxeiro que non conseguen falar durante dez minutos.

Cal é a razón? Preguntastes?

Falando con adolescentes, dinme que non falan galego porque na casa non llelo falan, e que cando o intentan usar coa familia reciben comentarios estrañados ou correccións a cada pouco.

A xente máis nova sabe que son a primeira xeración que fala menos idiomas ca seus pais e saben tamén que nunca falar menos foi sinónimo de falar mellor. Saben que as linguas nunca restan como saben que é de incultos deixar que as linguas morran.

E con todo, a nosa mocidade non pode ter a práctica que se necesita para lanzarse a falar en galego con confianza porque non lles deixamos nós, a xente que sabemos. Confiamos na escola pero na escola non se aprende a falar. Por iso triunfan as academias.

Contestemos unha pregunta: Poderían as nosas netas e os nosos netos falar cos que foron os nosos avós? Se a resposta é non, fagamos de cada casa unha academia. No Grove, no lugar onde unha cuncha se transforma en xoia a golpe de autoestima, non se debería perder a oportunidade de regalar estoutro tesouro que é o noso idioma; o que foi o idioma dos que estiveron aquí antes, de camiño á figueira por loitar contra a inxustiza.

Sabemos que unha lingua só é

21 de febreiro

Día Internacional da Lingua Materna



**FÁLALLES
GALEGO**



inmortal cando se fala. Douro modo, máis cedo ca tarde teremos

que volver dicir aquilo de “matámolo todos”.

RESEÑAS LITERARIAS

Iria Gondar Iglesias



Las tres reinas de Magali Le Huche

Mireille, Hakima e Astrid son escollidas como gañadoras do concurso de butifarras do instituto. Un galardón absurdo creado por un neno acosador (con nome propio), cuxa finalidade é dar o premio á “mais fea e gorda” de todo o centro.

Pero que pasa cando as tres rapazas se xuntan, deciden plantar cara ao seu agresor e a todos os compañeiros que as violentan?


Xurde a enxeñosa e aventureira idea de percorrer catrocenos quilómetros dende Bourg-en-Bress (a súa cidade natal) ate a capital francesa en bicicleta, para chegar o 14 de xullo ao xardín do Palacio do Eliseo.

Este pequeno tour “butifarril” será o eco mediático de todo Francia!

Acompañadas polo irmán maior de Hakima, un exsoldado que vai en cadeira de rodas e un pequeno posto para vender butifarras en cada unha das etapas.

Nesta peripecia, as tres rapazas atoparanse con detractores no seu obxectivo, acrecentado polas redes sociais, pero tamén con milleiros de persoas que as apoian en cada logro e batalla.

Unha historia hilarante e fresca, onde a reapropiación e a sororidade por bandeira planta cara á gordofobia sistémica, ao acoso escolar, ao ciberacoso e ao patriarcado.




En las profundidades de Rivers Solomon

Rivers Solomon narra a historia dunha comunidade subacuática (as wajinru), quenes carecen de memoria pois rexeitaron todo tipo de lembranza colectiva. As wajinru son descendentes de mulleres africanas xestantes, tiradas pola borda mentres cruzaban o océano en embarcacións escravistas. Mentres que esta comunidade vive allea ao seu traumática orixe, seguiremos os pasos de Yetu, membro da comunidade encargada de albergar o segredo. Mais para liberarse do que ela sabe realiza unha vez ao ano unha cerimonia na que comparte con todes estas lembranzas durante uns días, permitiéndolles esquecer de novo acto seguido.

Cansade de soportar en silencio a dor colectiva, Yetu comeza unha viaxe de fuxida á superficie abandonando a toda a súa comunidade con todo o que iso implica.

A ignorancia pode ser un alivio para a mente, para vivir en paz, mais non saber de onde se procede fai de ti un ser incompleto. Quen somos sen memoria colectiva? En que nos convertemos se carecemos de historia? Seguimos posuíndo identidade propia?

A columna vertebral deste relato colectivo é incrivelmente visceral, tomando como parte a trata transatlántica de persoas. Solomon crea un universo afrofuturista de seres fantásticos que viven nas profundidades do océano, facendo desta viaxe un relato onírico con linguaxe propia.



Hermanito de Ibrahima Balde

Durante o proceso migratorio, Ibrahima recibe a nova de que o irmán pequeno (o seu «miñán») está camiño de Europa, algo que el non pode soste. A culpa e o síndrome de Ulises, son varios artefactos que se instauran na mochila que Balde carga nas súas costas. “Ahora no puedo volver a casa y mirar a los ojos de mi madre”.

Entón comeza unha incansable viaxe a través de territorios que son para el descoñecidos. Será protagonista das tensións sociopolíticas e culturais de cada lugar. Das múltiples violencias. Ademais de toparse coas mafias, e a explotación de primeira man, habendo cruzado fronteiras, deserto e océano.


Subirse a unha zódiac con cento cincuenta persoas, na que non existe retorno no caso de sentir arrepentimento.

No deserto, territorio das serpes, onde o tempo pesa sobre area queimada e custa camiñar porque os pes afunden. Entre a nada e quilómetros que se multiplican, sen auga nin víveres, sin recoñecer norte ou sur.

Cales son as probabilidades reais de continuar con vida en calquera dos escenarios?

Este libro está escrito coa voz de Ibrahima e coa letra de Amets Arzallus, voluntario da rede de apoio a persoas migrantes, a quen coñeceu na súa chegada a Irún. Bastou un café, unha cadeira, empatía e afecto.

Unha biografía novelada, íntima, que interpela, pois Balde atravesa esa cuarta parede, cuxas saídas de narración semellan que cho estivese contando a ti que o estás lendo. Un relato visceral que destaca pola súa oralidade e a sinerxía creada entre narrador e escritor.



Basta! Guía de autodefensa feminista de Marion Le Muzic

Basta! Guía de autodefensa feminista é unha lectura en forma de banda deseñada.

Un cómic para identificar situacións machistas e de abuso en diferentes contextos, tales como os centros de ensino, as rúas ou nas relacións de parella.

Céntrase en ofrecer recursos e ferramentas para recoñecer de forma directa e accesible situacións de risco.

Nun contexto onde a violencia de xénero é unha realidade, esta guía facilita unha visión global da autodefensa física, verbal e psico-emocional. O que permite desenvolver a confianza nunha mesma e comprender a importancia dos límites persoais.

Le Muzic emprega unha linguaxe clara e coloquial, acompañada das ilustracións de María Kronska, quen reflicte diferentes corporalidades neste manual. Xuntas invitan a reflexionar na relevancia de tomar conciencia, protexerse e defenderse tanto na esfera pública coma na privada.

“POEMAS DE OUTONO”

M^a Carmen Cacabelos

É unha época rara
Onde Ficou
unha pulsación interrompida
traendo consigo
un profundo baleiro

Unha época rara
entre a sombra e ó sol
onde os días veñen feitos
de sombras e ruidos

As voces soio ecos
e as estrelas son mágoas
que non poden ser esquecidas

Unha época rara
de corazóns silenciados
onde so días pasan
e ninguén os entende

Camiñas sin rumbo
buscando respostas
pero as preguntas voltan
moito máis rotas

O mundo tornou diferente

É afogados en dúbidas
buscamos algo que xustifique
esta época tan rara.
Onde o reloxo
que marca ó tempo na vida
fai...
ó que lle dá a gana

A INVISIBILIDADE DO FIO QUE AMARRA

M^a Carmen Cacabelos

Hai un lugar onde o vento
Non deixa pegada
Onde as mans pasan
Sen tocar,
Onde o nome se esfarella
Como bretema na auga

Alí vivín eu,
No recanto esquecido
Das cousas que non berran

Máis mesmo na sombra
Haí un fío delgado,
Case silencioso,
Que amarra o mundo.

Un fío teimosos
Tecido de memoria,
De rumos de pel
De respiracións que contan historias
Se dicilas

E cando pensó que desaparezco
Coma pó sobre corrente,
O fío tensa
Lambe a miña forma
Recolócaa,
E lembro que existir
Tamén é permitir
Que alguén nos ate
Con delicadeza

Poperque non hai invisibilidade absoluta
Mentre alguén en segredo
Sostén a outra punta
Do fío que nos salva